

CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA CORPORACIÓN
CELEBRADA POLO PLENO O 18 DE DECEMBRO DE 2019.**

ASISTENTES:

PRESIDENTA:

María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D. José Vázquez Rama (PP)
D^a María del Carmen González García (PP)
D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)
D^a Caridad González Cerviño (PSOE)
D^a María Del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)
D. Sandra Maneiro Pais (PSOE)
D. Ramón Lago Tajés (PSOE)
D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)
D. Jose Antonio Uhía Martínez (CxG)
D^a Paula Simal Mayo (BNG)

Non ASISTE D^a María Lago Lestón (BNG)

D. Jose Manuel Quintela Fernández, (CxG)

INTERVENTOR

D. Fernando Vicente Abraldes Rois

SECRETARIA XERAL

D^a María Ofir Aboy García


No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia reúnense en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria e urxente, asistidos de min, a secretaria xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

1º Ratificación da urxencia

Intervén a señora alcaldesa da corporación, María Inés Monteagudo Romero para dicir que a urxencia ven dada a que finaliza o prazo de presentación da solicitudes para participar no POS 2020 e pregunta se hai algo que comentar sobre a ratificación da urxencia, non habendo intervencións sobre a urxencia a mesma é aprobada por unanimidade dos membros presentes da corporación



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

2º Aprobación da solicitude de participación no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+2020 da Deputación Provincial da Coruña.

A señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero procede á lectura da proposta que se eleva ao pleno da corporación e que foi dictaminada pola comisión informativa correspondente.

Proposta

Vista a bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2020 aprobado polo pleno da Deputación de A Coruña na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e cinco de outubro de dous mil dezanove e publicado no BOP nº 208 de 31 de outubro de 2019

Vendo os proxectos de obras que o Concello de Muros vai presentar a deputación de A Coruña para o seu financiamento en base a esta plan e os informes técnicos a remitir xunto coa solicitude de subvención

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACION

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	51.059,70	2.361,50	53.421,20
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0	19.534,33	19.534,33
Subtotal pago a provedores	51.059,70	21.895,83	72.955,53



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	156.189,21
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	0
Subtotal gasto corrente	156.189,21

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Acondicionamento do aparcadoiro público na rúa do Cabo, Muros	45.016,90	0	45.016,90
Subtotal investimentos achega provincial 2020	45.016,90	0	45.016,90

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


Subtotal investimentos achega provincial 2019	0	0	0
--	----------	----------	----------

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Campo de fútbol de céspede artificial "Eleuterio Balayo", Muros	170.806,73	64.193,27	235.000,00
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	170.806,73	64.193,27	235.000,00

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:


Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
BBVA	0182 5947 0895-45491941	30.782,71
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		30.782,71



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	53.421,20		53.421,20
	Achega 2020	19.534,33		19.534,33
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	156.189,21		156.189,21
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)	0		0
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020	45.016,90	0	45.016,90
	Achega 2019	0	0	0
	Préstamo 2020	170.806,73	64.193,27	235.000,00



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020	30.782,71		30.728,71
TOTAL	Achega 2020	220.740,44	0	220.740,44
	Achega 2019	53.421,20	0	53.421,20
	Préstamo 2020	201.589,44	64.193,27	265.782,71
	TOTAL	475.751,08	64.193,27	539.944,35

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Mellora das infraestruturas hidráulicas en Abelleira, 1ª Fase	347.832,30
Remodelación do aparcamento do polideportivo de Miraflores, Muros	89.474,64



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

TOTAIS	437.306,94
---------------	-------------------

3.- Declarar que o concello comprométese a ter a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que terá resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.


6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Segue a súa intervención a alcaldesa para dicir que sobre as obras que se traen se poden felicitar todos porque todos os grupos políticos pedimos durante anos a remodelación do campo de fútbol Eleuterio Balayo que está bastante deteriorado, o pago a provedores son as facturas que hai ata o 1 de xuño se non se equivoca, que están pendentes de pago, as que o informe de intervención fai referencia, a achega para gasto corrente queren destinala ao que inicialmente a reparación de todos os parques infantís que están en moi malas condicións e o acondicionamento dos pavimentos, beirarrúas e viais que están bastante deteriorados, ao aparcadoiro do Cabo que é unha obra moi necesaria porque hai un risco serio de desprendemento e se trata dunha obra no que se van a meter os colectores para pluviais e saneamento, os muros de contención e as conducións necesarias. O préstamo é o único o que se lle pode aplicar estes cartos e por fin levamos tamén unha primeira fase do saneamento tan reclamado para Abelleira, a única parroquia do concello que practicamente non ten nada de saneamento.

Continúa dicindo que quere agradecer os servizos municipais que fixeron un esforzo importante para que todos estes proxectos estiveran feitos para agora, quere tamén agradecer ós veciños de Abelleira as facilidades que nos deron para ceder os terreos, para o pozo de bombeo e as conducións e tamén particularmente aos membros da agrupación socialista, neste caso a Concha que nos acompaña hoxe, a súa colaboración para contactar cos veciños.




CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira, dona Caridad González Cerviño para dar as boas noites e da gracias a todos e di que está moi de acordo ca proposta do POS tal e como ven agora ao pleno. Na reunión que tiveron con anterioridade todos tivemos que ver na redistribución da financiación do POS da Deputación de A Coruña, e esperan tal e como tamén dixeran anteriormente que a achega da Deputación se incrementa porque non se dan por satisfeitos ca cantidade que chega agora no primeiro momento. Os concellos, e sobre todo o concello de Muros fai uns anos que se ven sustentando practicamente cas achegas da Deputación de A Coruña e aproveita para decirlle ao señor Núñez Feijoo que lles vote unha man e que necesitamos mais que co da Deputación e sería moi convinte que esta cantidade entre todos fóramos capaces de que fora maior. Di que a distribución das obras podería ser de outra maneira e que eles sempre foron partidarios de repartir o POS entre todas as parroquias aínda que sabe que non sempre se conseguiu e agora mesmo a gran necesidade da reparación do campo de fútbol de Muros que tanto lles costou a todos, que foi o grupo socialista que puxo a andar o equipo de fútbol, que cando chegaron ao goberno nese campo de fútbol había unhas ovellas comendo herba, non ían a ser eles que dixeran que non estaban de acordo ca obra do campo de fútbol porque é unha petición a gritos de todos os veciños e de todas as asociacións muradananas e de todos os grupos e lles parece ben. Tamén lle parece ben o do aparcamento, que tamén fai falta, porque a contorna do campo de fútbol está bastante deteriorado e necesita unha man urxente, saben que os cartos chegan ata onde chegan e esa obra queda para ver si dende a Deputación ou outro organismo hai unha nova ou a mesma subvención e somos capaces de facer ese proxecto que nos entregaron de cómo quedaría ese aparcamento. Di que tamén están moi contentos ca obra de Abelleira porque eles apostaron dende sempre polo saneamento e dende que se trouxo o saneamento dende Esteiro ata aquí, quedou en Tal, e cree que lle tocaba a Abelleira. Saben que é un sitio complicado e que vai necesitar de moita inversión para que poida funcionar porque son varias cuncas e era unha petición tamén do partido socialista de que esa obra se fixera. Por fin hai un proxecto feito e é unha pena que debido á falta de subvención quede como complementario. Fixeron fincapé en que se fixera o aparcamento do Cabo, non so polo perigo xa que houbo un desprendemento e non houbo unha desgracia que aínda que afectou a varios coches non había ninguén dentro pero co tempo que nos toca en calquera momento vai a volver a suceder e por iso lle parece unha obra urxente e que tiña que estar en primeira plana como así o acordamos entre o grupo popular e o socialista e lle parece moi ben. Co respecto ao gasto corrente, eles apuntaron tamén que lles gustaría que houbera uns proxectos feitos para a reparación e mellora dos parques, porque é unha petición a gritos porque saben como quedaron despois de catro anos sen darlle ningunha man, e volve a dicir que lle gustaría contar cuns proxectos no futuro e non poido ser polo tempo, e o primeiro POS onde está o partido popular gobernando e eles queren que a señora alcaldesa e o grupo popular se comprometan para que ese capital que queda para gasto corrente se vai a invertir na recuperación deses parques e beirarrúas que tamén e moi importante.

Intervén polo grupo municipal de CXG a señora María Xosé Alfonso Torres para dicir que non tiveron moito tempo para mirar os proxectos porque se lles facilitaron ás 11:30 do luns para á comisión informativa das 14:30 e non houbo moita posibilidade de ver con detalle. Se o puidéramos ver antes xa preguntaríamos na comisión informativa, sobre todo na obra do Cabo, que é unha obra que fai falta, preguntaríamos se elimina o punto de vertido que hai alí e mirando o proxecto lles parece que non e unha vez que se vai a actuar alí considera que debe eliminarse ese punto de vertido.

Continua dicindo que con respecto ás obras que van, estando claro que todas as obras fan falta, e hai obras moi importantes, eles se alegran especialmente pola de Abelleira e pola do campo de fútbol non porque as outras non fagan falta senón porque estas eran de especial necesidade e urxencia sobre todo a de Abelleira.



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)


Con respecto ao gasto corrente, preferirían que se levaran algún proxecto, fala dos parques infantís, dixo nalgunha reunión que tiñan orzamentado o que costa o arranxo deses parques e preferirían que en vez de gastos correntes viñeran proxectos para arreglar eses parques, ou para completar o saneamento de Abelleira cas beirarrúas que unen Abelleira e Tal que tamén é unha demanda. Di que eles non se van a opoñer a este POS porque as obras que van lle parecen importantes e é unha magoa que a pesar de que o actual grupo de goberno se fartou de criticarnos a nos porque traíamos o POS con pouco tempo, lamenta que viñera con pouco tempo para mirar os proxectos ben antes da comisión informativa.

Intervén polo grupo municipal do BNG dona Paula Simal Mayo para dicir en primeiro lugar agradecerlle ao grupo de goberno que por unha vez incluíran Abelleira no POS, iso que levamos reclamando dende o BNG os últimos catro anos, que polo visto agora é unha idea do pp e do psoe, non esta a dicir que ninguén discriminara a Abelleira, cree que todo o mundo aquí quería obras para Abelleira, pero o ano pasado eles se abstiveron por iso. Di que é unha pena que non se poida facer mais que unha fase. O campo de fútbol de Eleuterio Balayo é unha obra que se necesita a gritos, hoxe de feito houbo que suspender un partido benéfico, entre outras cousas porque hoxe tiña que ser máis unha piscina municipal que un campo de fútbol. No tema do aparcamento do Cabo, que se reduxo de gasto corrente para o arranxo dos parques, eles pensan que é máis importante o arranxo dos parques do concello que os nenos están os 365 días ao ano que mellorar ese aparcamento para chupar tele o día da volta ciclista. E non ten nada mais que dicir.

Intervén a señora alcaldesa, María Inés Montegudo Romero para dicir que lle gustaría darlle as grazas ao partido socialista porque reconece que o POS deste ano é moi inferior ao dos anos anteriores, case a metade e esperan que no no complementario, compense esa baixa de fondos do POS. Lle sorprende que a señora Alfonso se sorprenda de que traían un pleno urxente, cando nos catro últimos POS anteriores, todos foron plenos extraordinarios e nalgunha ocasión tiveron que facer ata tres plenos para aprobar o POS, tiveron convocatorias de xuntas de voceiros de media hora antes e anulalas tamén media hora antes. Di que é verdade que é a primeira vez que eles traen como grupo de goberno un POS. Fixeron un esforzo grande porque quixeron incluír o saneamento, que foi unha aposta que xa fixeron na anterior lexislatura, apoiando os proxectos neste sentido, e quixeron continuar, que en Abelleira é un sitio onde hai zona de marisqueo que é un medio de vida para moita xente deste concello e que é importante que se atenda a súa demanda. O proxecto prevé que o tubo de impulsión vaia ata Tal, deixando un espazo para que o día de mañá a través de algunha financiación da Xunta de Galicia, rematar a beirarrúa ata a parroquia de Tal xa que hai moita xente que pasea por ahí e é unha demanda veciñal. Non ten mais que dicir pola súa parte.

Intervén polo grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño para dicir que ao BNG non lle parece importante ó aparcamento e que cree que é unha petición de fai moitos anos e é un problema dificilísimo de solventar e ultimamente e con esas prazas de aparcamento e o que hai ao lado que está aberto, cando hai algún evento en Muros, unha procesión, unha festa, a xente sabe que alí hai un aparcamento e por iso lles parece importantísimo e tamén polo perigo, porque a xente vai a aparcar igual e ao mellor vai a haber unha catástrofe. Queren escoitar a promesa da señora alcaldesa de que o gasto corrente vai a ir para os parques e para as beirarrúas e di que teñen que felicitarlos todos porque este POS saia adiante e pedirlle que pronto estas obras as vexamos executadas.

Intervén polo grupo municipal do BNG dona Paula Simal Mayo para dicir que por alusións non está en contra da obra do Cabo, porque obviamente ese aparcamento é un perigo e obviamente hai que arranxalo e para eles como viña o POS inicial era perfecto, simplemente iso.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén a señora alcaldesa dona Inés Monteagudo Romero para dicir que teñen o seu compromiso de que o gasto corrente se vai a destinar a arranxar os parques do concello e as beirarrúas e como ben citaba a señora Simal teñen un evento moi importante e ven agora da presentación da volta ciclista a España que vai a ter unha saída dende Muros e é a única etapa que vai a ir pola costa en toda a volta e cree que é un evento moi importante que pode dar un impulso turístico interesante e que va a requirir o compromiso de todos e o traballo de todos para estar á altura dese evento que se emite en directo a 154 países e unha posibilidade moi grande para o concello de visibilizar as marabillas que temos na nosa terra. Lle da a gracias a todos polo súa aportación e apoio.

Rematadas as intervencións, o pleno da corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, cos votos a favor do grupo municipal popular, socialista, BNG, e CxG adopta os seguintes acordos:

Vista a bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2020 aprobado polo pleno da Deputación de A Coruña na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e cinco de outubro de dous mil dezanove e publicado no BOP nº 208 de 31 de outubro de 2019

Vendo os proxectos de obras que o Concello de Muros vai presentar a deputación de A Coruña para o seu financiamento en base a esta plan e os informes técnicos a remitir xunto coa solicitude de subvención

O pleno do concello de Muros adopta o seguinte acordo:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	51.059,70	2.361,50	53.421,20
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0	19.534,33	19.534,33
Subtotal pago a provedores	51.059,70	21.895,83	72.955,53



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	156.189,21
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	0
Subtotal gasto corrente	156.189,21

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Acondicionamento do aparcadoiro público na rúa do Cabo, Muros	45.016,90	0	45.016,90
Subtotal investimentos achega provincial 2020	45.016,90	0	45.016,90

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


Subtotal investimentos achega provincial 2019	0	0	0
--	----------	----------	----------

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Campo de fútbol de céspede artificial "Eleuterio Balayo", Muros	170.806,73	64.193,27	235.000,00
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	170.806,73	64.193,27	235.000,00

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:


Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
BBVA	0182 5947 0895-45491941	30.782,71
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		30.782,71



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	53.421,20		53.421,20
	Achega 2020	19.534,33		19.534,33
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	156.189,21		156.189,21
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)	0		0
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020	45.016,90	0	45.016,90
	Achega 2019	0	0	0
	Préstamo 2020	170.806,73	64.193,27	235.000,00



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020	30.782,71		30.728,71
TOTAL	Achega 2020	220.740,44	0	220.740,44
	Achega 2019	53.421,20	0	53.421,20
	Préstamo 2020	201.589,44	64.193,27	265.782,71
	TOTAL	475.751,08	64.193,27	539.944,35

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Mellora das infraestruturas hidráulicas en Abelleira, 1ª Fase	347.832,30
Remodelación do aparcamento do polideportivo de Miraflores, Muros	89.474,64



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

TOTAIS	437.306,94
---------------	-------------------

3.- Declarar que o concello comprométese a ter a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que terá resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da as gracias pola confianza e da por rematada a sesión, cando son as vinte horas e cincuenta e dous minutos , de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria Xeral.
Documento asinado electrónicamente